

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

17171 *Real decreto 1516/2011, do 31 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil (en diante a lei) desenvolve no seu título VI o réxime de ascensos. O articulado deste título regula, entre outros conceptos, os sistemas de ascenso, as condicións requiridas para eles, as avaliacións preceptivas para cada un e as autoridades competentes para a súa concesión.

O artigo 58 da lei define os sistemas de ascenso e clasifcaos en antigüidade, concurso-oposición, selección e elección, e no artigo 59 especifica cal deles se utiliza para o ascenso aos diferentes empregos. Así, efectuaranse polo sistema de antigüidade, entre outros, os ascensos aos empregos de brigada e sarxento primeiro da escala de suboficiais.

O artigo 60 da lei determina as condicións para o ascenso e establece como requisitos preceptivos para calquera deles ter sido avaliado e ter cumprido, no emprego inferior, o tempo mínimo de servizos que regulamentariamente se determine. Ademais, en virtude do artigo 61, pódese solicitar a exclusión da avaliación que para estes efectos se realice e permanecer no mesmo emprego até o paso a reserva.

O Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, establece, no seu artigo 25, os tempos mínimos de servizos que é necesario ter cumprido en cada emprego para poder ascender ao inmediato superior. No caso do ascenso a brigada, o tempo mínimo de servizos fixado no emprego de sarxento primeiro é de cinco anos.

Coa finalidade de lograr un maior grao de eficiencia no aproveitamento dos recursos humanos da institución e atendendo a razóns organizativas e de xestión de persoal, resulta aconsellable modificar o artigo mencionado para reducir a catro anos o tempo mínimo de servizos exixido no emprego de sarxento primeiro para o ascenso a brigada.

O obxectivo é mellorar a selección dos que ascendan ao emprego de brigada ampliando o número de sarxentos primeiros con que efectuar a correspondente avaliación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, co informe favorable do ministro do Interior, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro.*

O artigo 25 do Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Tempo mínimo de servizos para o ascenso.*

Para o ascenso ao emprego inmediato superior cómpre ter cumprido os seguintes tempos mínimos de servizo en cada emprego:

| Escala | Anos |
|-----------------------------|------|
| Superior de oficiais: | |
| Tenente | 3 |
| Capitán | 5 |
| Comandante | |
| Tenente coronel | 4 |
| Coronel | 2 |
| Facultativa superior: | |
| Tenente | 3 |
| Capitán | 5 |
| Comandante | 5 |
| Tenente coronel | 4 |
| De oficiais: | |
| Alférez | 3 |
| Tenente | 5 |
| Capitán | 5 |
| Comandante | 4 |
| Facultativa técnica: | |
| Alférez | 3 |
| Tenente | 5 |
| Capitán | 5 |
| Comandante | 4 |
| De suboficiais: | |
| Sarxento | 5 |
| Sarxento primeiro | 4 |
| Brigada | 5 |
| Subtenente | 4 |
| De cabos e gardas: | |
| Garda | 3 |
| Cabo | 1 |
| Cabo primeiro | 5» |

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS